

REGULAMENTO QUE REXERÁ NO CEMITERIO MUNICIPAL DE FENE.

COMPETENCIAS.

ARTIGO 1º.-

O Concello de Fene, en virtude do artigo 4 e 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Decreto 134/1998, de 23 de abril, sobre Policía Sanitaria Mortuoria establece o Regulamento Interior do Cemiterio Municipal.

DO RÉXIME INTERIOR.

ARTIGO 2º.-

O Cemiterio Municipal sito en Campo da Arca, Barallobre, é propiedade do Concello de Fene. Dispón de acceso e zona exterior para aparcamento. A restante superficie sitúase nun recinto amurallado no que se emprazan dous tipos de construcións: as de nichos, propias da súa finalidade, e servicios complementarios (conserxería, sala de autopsias, servicios, almacén, capela, etc.). Os nichos adquírense polos particulares interesados en réxime de concesión a perpetuidade.

ARTIGO 3º.-

A inspección da dependencia do Cemiterio Municipal correrá a cargo do Sr. Alcalde ou Concelleiros delegados para esta finalidade, dentro das competencias nesta materia da Delegación Municipal de Servicios.

ARTIGO 4º.-

Sendo os cemiterios sitios destinados ó culto dos mortos, prohibese neste lugar todo tipo de actos que perturben a orde e que impidan darlle ós mesmos o respecto e veneración que se lles debe.

ARTIGO 5º.-

O cemiterio poderá ser visitado polo público en horas de 9:00 h. a 13:00 h., e de 16:00 h. a 19:00 h., en período de verán (do 15 de maio ó 15 de setembro) e no restante período do ano de 10:00 h. a 13:00 h. e de 15:00 h. a 19:00 h. Os festivos e domingos só permanecerá aberto en horario de mañá. O aviso de saída anunciarase polo encargado ó público, 5 minutos antes da hora, mediante os medios que se consideren oportunos.

ARTIGO 6º.-

Todo aquel que desexe poñer inscricións, cruces ou aparatos sobre calquera sepultura, solicitará permiso ó Concello, a fin de evitar todo o que desdiga ó

respecto e veneración da mortal morada. A tal efecto existe unha regulación específica para a ornamentación e recubrimento de lápidas que se recolle na Ordenanza Fiscal nº 16, reguladora da taxa pola prestación do servizo no Cemiterio Municipal.

DO PERSOAL.

ARTIGO 7º.-

En principio, e sen perxuízo de futuras ampliacións, si así se considerara oportuno, o persoal adscrito ó Cemiterio Municipal estará composto dun oficial-sepultureiro que realizará as funcións de conserxe e sepultureiro e dun oficial albanel que realizará as funcións complementarias do primeiro e o substituirá, en caso de ausencias, no seus cometidos.

ARTIGO 8º.-

A este respecto figuran incluídas ditas prazas na relación de persoal funcionario e laboral desta Corporación.

FUNCIÓNS DO OFICIAL SEPULTUREIRO.

ARTIGO 9º.-

Este funcionario, polo seu carácter de conserxe é o encargado de abrir e pecha-las portas do cemiterio e de mante-la orde dentro do recinto, utilizando os medios axeitados e requirindo a intervención da policía municipal cando iso fose preciso.

ARTIGO 10º.-

Dará cumprida información ó Sr. Alcalde dos feitos e incidencias que ocorran no cemiterio municipal. Terá ó seu cargo e baixo a súa responsabilidade, tódolos aparellos e materiais que o municipio teña no cemiterio e vixiará que non se extraian nin deterioren, sen permiso dos seus donos, ningún obxecto de propiedade particular.

ARTIGO 11º.-

Non consentirá que se abra ningún nicho sen permiso do Sr. Alcalde ou Concelleiro Delegado, e a pesar de tal autorización, non consentirá que se verifique ningunha exhumación se o cadáver non estivese debidamente consumido.

ARTIGO 12º.-

Non dará sepultura a ningún cadáver sen teren transcorrido as 24 horas do seu falecemento, aténdose, en todo caso, ó permiso do Xulgado correspondente.

ARTIGO 13º.-

Levará un Libro Rexistro no que conste: o sitio, clase e numero de sepultura, día da inhumación, nome e domicilio de procedencia do finado. Deste libro enviarase copia mensual ó Concello.

ARTIGO 14º.-

Fará que en tódalas dependencias reine a maior orde e limpeza, conservando aseadas as covas ou corredores, e as paredes dos nichos, recollendo no almacén ou lugar designado para o propio tódolos obxectos que non presten un inmediato servizo ou que fosen perdidos ou abandonados polos seus donos.

ARTIGO 15º.-

Considéranse tamén funcións do persoal adscrito ó Cemiterio, as seguintes:

Corte e mantemento das zoas verdes.

Limpeza de rúas e beirarrúas interiores.

Pintado e mantemento de mazás de nichos e dependencias auxiliares do cemiterio (portais, aparcamento exterior, acceso e todas aquelas outras relacionadas coa conservación e mantemento do cemiterio).

Mantemento e poda das especies vexetais existentes e colaborar na plantación das novas que se propoñan.

Os materiais, maquinaria e ferramentas de traballo que se precisen, tramitaranse mediante pedido ó Concello a través do Delegado de Servizos.

ARTIGO 16º.-

Pola súa condición de sepultureiro, intervirá en tódalas inhumacións e exhumacións, tendo ó seu cargo a apertura e clausura das sepulturas, e a construción e rotura das parediñas dos nichos, así como o cintado dos mesmos.

ARTIGO 17º.-

Coidará que nos cadros de sepultura se observe o maior aseo, conservando a superficie plana e libre de obxectos deteriorados, herbas e malezas.

ARTIGO 18º.-

Logo de abertas as sepulturas, trasladará ó osario (se autorizadamente non se lle ordena que o faga a nichos) os ósos postos ó descuberto. Os restos das caixas, roupas e calzado queimaranse á maior brevidade, evitando sempre que queden á vista do público.

FUNCIÓNS DO OFICIAL ALBANEL.

ARTIGO 19º.-

Axudará ó oficial sepultureiro nas súas funcións e o substituirá no caso de baixa, ou permisos autorizados daquel.

ARTIGO 20º.-

Non realizarán outros traballos fóra dos expresados, por encargo de particulares, a non ser que, expresamente, sexan autorizados pola Alcaldía.

ARTIGO 21º.-

Os nichos serán construídos polo municipio e a concesión a perpetuidade de cada un deles venderase polo prezo que figure na ordenanza fiscal vixente.

ARTIGO 22º.-

O propietario de todo nicho ten a obriga de conservalo en perfecto estado de solidez e hixiene, prohibíndose inhumar en todo aquel que estea deteriorado.

Así tamén, queda obrigado a conservar, visible e claro, o número respectivo e a mantelos perfectamente pechados, en todo tempo, aínda que estean desocupados.

ARTIGO 23º.-

A limpeza dos nichos e a colocación e extracción das súas lápidas correrá ó cargo do titular da concesión baixo a dirección do encargado do Cemiterio Municipal.

ARTIGO 24º.-

En ningún nicho poderase, en tempo algún, colocar coroas, adornos ou luces, etc., que ocupen mais espazo que o da súa propiedade, en perxuízo dos veciños e corredores.

ARTIGO 25º.-

A estes fins e para evitar molestias ó público, non se permitirán colocar fachas e mecheiros nos nichos, nos que todo alumado e adorno non haberá de sobresaír das súas paredes, mais de trinta centímetros.

ARTIGO 26º.-

Se transcorridos vinte anos, e previo o chamamento no Boletín Oficial da Provincia, non se presentase persoa ningunha que reclame o seu dereito, pasarán a ser propiedade do Concello os nichos abandonados, entendéndose por tales os que levan ese período sen usar e estean deteriorados.

DAS INHUMACIÓNS E EXHUMACIÓNS.

ARTIGO 27º.-

Nunhas e noutras ateranse ás disposición de sanidade vixentes en cada caso.

ARTIGO 28º.-

Na Tesourería do Concello, aboarase, por cada inhumación a cantidade que fixe a Ordenanza Fiscal debidamente aprobada.

Quedan unicamente excluídos e exentos de pago, os que, carecendo de recursos, sexan propostos, en expediente razoado polo Departamento de Servicios Sociais do Concello.

DA CAPELA.

ARTIGO 29º.-

A súa custodia e aseo correrá a cargo do Conserxe; igualmente o coidado do Altar.

ARTIGO 30º.-

Queda prohibida a entrada e permanencia no Templo e Sancristía, non sendo para os actos do culto.

ARTIGO 31º.-

Só se depositarán nela os cadáveres para recibirlas cerimonias do ritual antes do sepelio, conforme as normas sanitarias de aplicación.

ARTIGO 32º.-

As persoas que desexen facer misas neste Templo avisarán de véspera ó Conserxe, da hora que queiran celebralas.

DA SALA DE AUTOPSIAS E OUTRAS DEPENDENCIAS DO CEMITERIO.

ARTIGO 33º.-

Na Sala de Autopsias depositaranse os cadáveres que ordene a Autoridade Xudicial. O Conserxe coidará de ter tódolos elementos que necesiten os facultativos para estes mesteres.

ARTIGO 34º.-

O Persoal do Cemiterio velará pola perfecta conservación deste local, así como dos restantes destinados a servicios complementarios da actividade..

DO PÚBLICO.

ARTIGO 35º.-

En todo o ano, e especialmente na festividade de Defuntos, prohíbese terminantemente ás persoas que visiten o Cemiterio, comportarse de forma ou maneira contraria ó respecto que se debe á memoria dos mortos.

ARTIGO 36º.-

Queda polo tanto prohibido ós visitantes formar corrillos ou reunións tumultuosas, arroxar obxectos de calquera clase, comer ou beber cousa algunha dentro do recinto, arrancar flores ou arbustos, trazar sobre as cruces ou lápidas inscricións impropias, e en fin, levar a cabo profanacións dalgún xénero.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

ARTIGO 37º.-

Quedan derogadas tódalas disposicións que contraveñan as prescritas neste Regulamento.

ARTIGO 38º.-

No non disposto aquí, aplicaranse as disposicións oficiais vixentes en cada momento en materia de Policía e Sanidade Mortuoria.

ARTIGO 39º.-

Pola Alcaldía, sancionaranse as infraccións a este Regulamento coas multas que correspondan.

APROBACIÓN E VIXENCIA.

DISPOSICIÓN FINAL.

1.- O presente regulamento entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

2.- O presente regulamento, que consta de trinta e nove artigos, foi aprobado polo Concello Pleno, en sesión de data 01 de marzo de 2001.

**Vº E PRACE,
O ALCALDE,**

O SECRETARIO,